



## INDICE

### **1.- DATOS XERAIS**

### **2.- OBXECTIVOS DO PROXECTO.**

- 2.1. Obxectivos xerais do Proxecto.
- 2.2. Obxectivos específicos do Proxecto.
- 2.3. Obxectivos acadados co Proxecto.

### **3.- METODOLOXÍA EMPREGADA NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.**

### **4.- ACTIVIDADES DIDÁCTICAS DESEÑADAS.**

- 4.1. Remuiño de ideas e debate inicial. *Creamos unha nube de ideas.*
- 4.2. Lemos e debatimos. *Desenterrando mitos sobre o alcol.*
- 4.3. Charla divulgativa sobre Alcol e Publicidade polo Persoal da Consellería.
- 4.4. Analizamos a publicidade do alcol no noso entorno.
- 4.5. Averiguamos e debatimos: O alcol na nosa contorna.
- 4.6. Reivindicamos os nosos dereitos: *Escribimos cartas.*
- 4.7. Charla informativa da Policía Local de Cedeira: *Alcol e seguridade vial.*
- 4.8. Xogamos a ser publicistas. *Creo o meu contraanuncio.*
- 4.9. Avaliamos o Proxecto e Avaliámonos a nós.
- 4.10. Alcol e menores: unha necesidade política urxente. *Falamos co Alcalde de Cedeira.*

### **5.- AVALIACIÓN DO PROXECTO DESENVOLVIDO.**

- 5.1. Avaliación do alumnado.
- 5.2. Avaliación do profesorado participante e propostas de mellora.

### **6.- TRABALLOS E PRODUTOS REALIZADOS POLO ALUMNADO.**

- 6.1. Anexo I: Nubes de ideas.
- 6.2. Anexo II: Analizando publicidade e estereotipos.
- 6.3. Anexo III: Anuncios de Contrapublicidade.

**1.- DATOS XERAIS.**

<b>CENTRO EDUCATIVO:</b>	<b>IES PUNTA CANDIEIRA, CEDEIRA, A CORUÑA</b>
<b>CURSO ESCOLAR:</b>	<b>PLAN PROXECTA 2017-2018</b>
<b>NIVEL EDUCATIVO:</b>	<b>1º ESO, GRUPO B</b>
<b>ALUMNADO:</b>	<b>21 ALUMNOS (9 ALUMNAS E 12 ALUMNOS) IDADES: 12 a 14 anos</b>
<b>PROFESORA ENCARGADA:</b>	<b>SILVIA CARRO VIEITES (Lingua Castelá e Literatura e <b>Titoría</b>)</b>
<b>PROFESORADO COLABORADOR NO TRABALLO INTERDISCIPLINAR:</b>	<b>Purificación Trinquete Lorenzo (Programación) María José Carballo Prieto (Programación) Consuelo Benito González (Educación Plástica e Visual)</b>
<b>TEMPORALIZACIÓN:</b>	<b>2ª - 3ª AVALIACIÓN  20 SESIÓN LECTIVAS</b>

## **2.- OBXECTIVOS DO PROXECTO.**

### **2.1. OBXETIVOS XERAIS DO PROXECTO:**

1. Atrasar a idade de inicio do consumo de alcol na adolescencia.
2. Coñecer e valorar os riscos do consumo de alcol nos adolescentes.
3. Coñecer a normativa legal en todo o relacionado co alcol, o seu consumo, a súa publicidade, a súa relación ca saúde e ca legalidade.
4. Potenciar as habilidades para saber dicir non ante as presións grupais.
5. Reforzar as accións preventivas sobre o consumo do alcol en idades temperás.
6. Potenciar o traballo en grupo na realización das actividades para favorecer a introdución das mensaxes de hábitos de vida saudables.
7. Traballar co alumnado de forma activa, colaborativa e creativa na execución dos proxectos.
8. Integrar os proxectos de traballo na práctica de aula e na hora de titoría.
9. Favorecer a cohesión grupal e o traballo cooperativo.
10. Atender ás diferentes Necesidades Educativas Específicas.
11. Integrar a aprendizaxe no medio en que vive o alumnado.
12. Empregar a creatividade como instrumento para a aprendizaxe.
13. Despertar o espírito crítico entre o alumnado en temas relacionados coa súa saúde.
14. Traballar de xeito interdisciplinario entre o profesorado participante, que colaborará desde a súa área ou departamento.
15. Implicar ás familias do noso alumnado nas actividades desenvolvidas dende a titoría.
16. Fabricar un produto final que poña en valor os coñecementos adquiridos.

### **2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO:**

- Atrasar a idade de inicio do consumo de alcol na adolescencia.
- Coñecer os mitos en canto ao consumo de alcol e outros estupefacientes.
- Coñecer os niveis de consumo de alcol na nosa sociedade.
- Potenciar as habilidades para saber dicir non ante as presións grupais.
- Desnormalizar a conduta de consumir alcol en idade adolescente (ata os 23 en homes e 21 en mulleres, data límite do desenvolvemento cerebral).
- Desenvolver habilidades sociais e estratexias de socialización e de asertividade en ámbitos libres de alcol.
- Aprender a canalizar os propios intereses para construír modelos de ocio alternativos ao alcol.

- Desenvolver accións de concienciación entre iguais, facendo que os máis grandes trasladen aprendizaxes aos máis pequenos.
- Coñecer principios básicos relacionados coa lexislación en materia de prevención do alcolismo en relación cos menores.
- Coñecer a relación entre o consumo de alcol e a saúde e cos riscos de exclusión social.
- Coñecer a implicación dos conceptos “consumo moderado”, “consumo recomendado”, “dependencia”.
- Coñecer o código ético de autorregulación da publicidade de alcol (ex. anuncios de famosos sobre alcol e apostas dirixidas a menores).
- Coñecer a normativa vixente no relativo a publicidade do alcol e conducción e alcol.
- Analizar con espírito crítico a publicidade do alcol e a procura dos novos consumidores (mensaxes, cores, imaxes, linguaxes; asociación entre o consumo de alcol con determinados valores sociais: ex. éxito social, estatus social...).
- Buscar metáforas ou comparacións (estratexias) a través das cales transmitir a relación entre o consumo de alcol e a saúde/desenvolvemento (ex. influencia dun veneno nunha planta pequena/grande).
- Desenvolver estratexias creativas para canalizar as súas ideas.
- Diseñar unha campaña de prevención do alcolismo a través do formato da contrapublicidade.

### **2.3. OBXECTIVOS ACADADOS CO PROXECTO:**

1. Os alumnos coñecen e valoran os riscos do consumo de alcol nos adolescentes.
2. Coñecen a normativa legal en todo o relacionado co alcol, o seu consumo, a súa publicidade, a súa relación ca saúde e ca legalidade.
3. Desenvolveron habilidades para saber dicir non ante as presións grupais.
4. Traballaron de forma activa, colaborativa e creativa na execución dos proxectos.
5. Integramos os proxectos de traballo na práctica de aula e na hora de titoría.
6. Favoreceuse a cohesión grupal e o traballo cooperativo.
7. Integramos a aprendizaxe no medio en que vive o alumnado.
8. Traballamos de forma integradora, respetando as diferentes Necesidades Educativas Específicas.
9. Empregaron a creatividade como instrumento para a aprendizaxe.
10. Despertouse o espírito crítico entre o alumnado en temas relacionados coa súa saúde.
11. Traballamos de xeito interdisciplinario entre o profesorado participante.
12. Fabricaron un produto final que puxera en valor os coñecementos adquiridos.
13. Valoraron con espírito crítico a súa participación no Plan Proxecta *Apuntámonos a non beber*.
14. Traballamos de xeito interdisciplinario entre varios departamentos didácticos.
15. Implicamos ás familias no desenvolvemento das actividades de titoría.

### **3.- METODOLOXÍA EMPREGADA NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.**

O Plan Proxecta “Apuntámonos a non beber” concíbese como **un proxecto integrado** a desenvolver dende as horas de titoría pero con un enfoque claramente **multidisciplinar** e práctico, que teña en conta as necesidades do alumnado, as súas capacidades e a consecución de determinados logros **a través do deseño** de actividades e **proxectos**.

Baixo esta serie de premisas desenvolvéronse no presente curso escolar unha serie de **actividades multidisciplinares** que permitiron afondar no coñecemento, por parte do noso alumando de 1º de ESO, da normativa vixente en cuestión de publicidade e alcol; os riscos para a saúde que supón o consumo de alcol dende idades temperás; os mitos e falsas crezas existentes sobre o seu consumo e a súa relevancia social; as consecuencias negativas sobre a condución e a necesidade de ser cidadáns libres, críticos e responsables en todo o relacionado co consumo de alcol. Deste xeito, cuestións teóricas relativas a tipoloxías textuais, linguaxe da publicidade e recursos lingüísticos empregados nos anuncios foron traballados na materia de **Lingua Castelá e literatura**. Tamén se traballou de forma interdisciplinar ca profesora encargada da materia de **Educación Plástica e Visual** na elaboración do produto final, un anuncio de contrapublicidade.

Para poñelo en práctica desenvolvéronse unha serie de **actividades integradas** nun proxecto global que era a elaboración dunha campaña de contrapublicidade. En todas elas concedeuse especial relevancia ao **traballo en equipo, creativo e crítico**. Propuxéronse actividades de **debate, exposición e creación** que permitisen desenvolver as diferentes capacidades do alumnado.

Ademais aproveitáronse os recursos que nos ofrecen as **TIC a través do Proxecto EDixgal**, tanto na exposición de contidos como na elaboración de materiais propios. A colaboración das profesoras encargadas da **materia de Programación** resultou fundamental neste sentido, pois contribuíron deseñando materiais propios, desenvolvendo actividades e materiais para a avaliación do Proxecto.

Resultou moi necesario **atender á diversidade da aula** neste sentido pois contábase con alumnado con NEE como poden ser os Trastornos Autistas, Limitacións motóricas e cognitivas, Dislexias ou Trastornos por Déficit de Atención e Hiperactividade. Un dos obxectivos primordiais do Proxecto foi integrar á totalidade do alumando do grupo en tódalas actividades deseñadas, creando así unha cohesión de grupo e valorando as diferencias como puntos positivos de cara ó aprendizaxe.

Por último cabe destacar tamén a **colaboración por parte das familias** do alumnado, ofrecendo charlas específicas no Centro ou xestionando actividades fora do IES como o encontro co Alcalde e a Corporación para debater aspectos relacionados co consumo de alcol por menores ou o incumprimento da lei do alcol no entorno máis próximo do alumnado.





SEGUNDA PARTE:

B) **Visualización** de un par de **anuncios publicitarios** sobre os perigos asociados o consumo de alcol e comentario posterior sobre as ideas que nos transmiten. Os alumnos tiveron que comentar tamén outros anuncios sobre alcol que coñecían e as ideas e estereotipos transmitidos.

1) **Campaña publicitaria consumo de alcol no ano 2003.**

<https://www.youtube.com/watch?v=CDH6myEaBMc>



2) **Campaña Nosotros y el alcohol, Ministerio de Sanidad, España.**

<https://www.youtube.com/watch?v=ZOU0yE7ruP8>



3) **As figuras literarias na publicidade:** aproveitáronse estes anuncios publicitarios para traballar cuestións literarias como son as figuras literarias (metáforas, símiles, hipérbol, aliteracións, metonimias, etc)



**SESIÓN 3ª: DESENTERRANDO MITOS SOBRE O ALCOL. LEMOS E DEBATIMOS. (15-12-17)**

- A) **Lectura de información** relacionada con mitos asociados al alcol, orixen do seu consumo, tratamento cultural que se lle da o alcol, os riscos que supón para a conducción, etc. O material empregado seleccionouse das seguintes webs:

[-https://www.msssi.gob.es/alcoholJovenes/profEducadores/home.htm](https://www.msssi.gob.es/alcoholJovenes/profEducadores/home.htm)



[-https://www.zaragoza.es/contenidos/sectores/adicciones/masquehablar/alcohol/guia-profesor-alcohol.pdf](https://www.zaragoza.es/contenidos/sectores/adicciones/masquehablar/alcohol/guia-profesor-alcohol.pdf)



[-http://www.dgt.es/Galerias/seguridad-vial/educacion-vial/recursos-didacticos/jovenes/educacion-vial-eso/ALUMNOS-U7-LOS-PELIGROS-DEL-ALCOHOL.pdf](http://www.dgt.es/Galerias/seguridad-vial/educacion-vial/recursos-didacticos/jovenes/educacion-vial-eso/ALUMNOS-U7-LOS-PELIGROS-DEL-ALCOHOL.pdf)



- B) **Debate grupal** sobre o consumo do alcol na sociedade en xeral, a súa aceptación como algo normal, asociado a bos e malos momentos, problemas que pode ocasionar o seu consumo excesivo sobre todo no caso dos adolescentes ou dos conductores.

**SESIÓN 4ª: CHARLA INFORMATIVA SOBRE ALCOL, ADOLESCENTES E PUBLICIDADE. (22-02-18)**

O alumnado asiste o xoves 22-2-2018 a unha charla informativa no Salón de Actos do centro a cargo do Persoal da Consellería que dirixe este Plan Proxecta. Durante a charla o alumnado coñece a normativa galega no referente a publicidade de bebidas alcólicas e a prohibición de venda a menores. Trala charla establécese un breve debate sobre experiencias persoais relacionadas co acceso á compra de bebidas alcólicas e a publicidade sobre as mesmas que o alumnado coñece.

*Nota: Por un problema técnico non podemos amosar fotos da sesión da charla co Persoal da Consellería.*

**SESIÓNS 5ª e 6ª: ANALIZANDO PUBLICIDADE PERJUDICIAL PARA A NOSA SAÚDE. BUSCA E ANÁLISE DE INFORMACIÓN. (8-03-18 ata o 5-04-18)**

**A) Repasamos a lei** e o aprendido na charla. Revísase co alumando a Presentación Dixital aportada polo persoal da Consellería na charla anterior sobre Publicidade e Venda de alcol.

Insistimos naqueles aspectos que chaman especialmente a atención do alumnado, comentando que tipo de conduta descoñecían e cales cren que son os aspectos que se incumpren de xeito reiterado.

Apoiamos a revisión ca lectura comentada de:

- LEY 11/2010, de 17 de diciembre, de prevención del consumo de bebidas alcohólicas en menores de edad.
- DECRETO 126/2012, de 24 de mayo, por el que se establece y regula el sistema de información sobre el consumo de bebidas alcohólicas en menores.

**B) Búsqueda de información** sobre campañas publicitarias que incumpren sistemáticamente a normativa vixente no relativo a consumo, venda e publicidade do alcol.

De xeito grupal, o alumnado tivo que preparar unha **breve exposición**, apoiándose en recursos tecnolóxicos, sobre anuncios publicitarios que atopen e non respecten a normativa legal vixente en Galicia. Debían acompañar cada imaxe cunha breve explicación da norma legal que pensaban que se incumpría. Trala preparación, faise unha posta en común dos resultados

**(Ver no Anexo II mostras dalgúns traballos realizados polo alumnado)**

Amósanse fotos do momento de traballo de búsqueda de información por parte do alumnado.



SESIÓN 7ª-8ª: TRABALLO DE INVESTIGACIÓN NA NOSA CONTORNA E DEBATE POSTERIOR. (12 ata 19-04-18)

- A) Os alumnos fan un **traballo de investigación individual** fora do horario lectivo consistente en buscar imaxes que demostren o incumprimento da normativa vixente no tocante a publicidade e venta de alcol na contorna de Cedeira.
- B) Despois, na aula e en gran grupo, **expóñense as probas atopadas e coméntanse** os puntos da lei que se infrinxen.

A continuación amósanse algúns dos documentos gráficos atopados polos alumnos na contorna de Cedeira.



Xogos infantís nun bar da localidade.

Publicidade ilegal no mostrador frontal dun supermercado da vila.







**SESIÓN 9ª: REIVINDICAMOS OS NÓSOS DEREITOS: REDACCIÓN DE CARTAS REIVINDICANDO O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA VIXENTE EN CANTO A PUBLICIDADE E ALCOL. (26-04-18)**

A) En grupos de 5 os alumnos redactan varias **cartas a diferentes organismos oficiais** (Alcaldía de Cedeira, Valedor do Pobo, Defensor do Menor) explicando o proxecto no que están a participar e as aprendizaxes alcanzadas no tocante a normativa publicitaria relativa o alcol. Solicitan ademáis que ditas autoridades velen polo correcto cumprimento desta normativa pois despois de facer unha análise de campo comprobaron que en moitas ocasións non se respeta. Achegamos capturas de pantalla cas cartas enviadas e as respostas recibidas no momento de presentación desta memoria.

**-Carta dirixida ao Defensor do Menor: (pendente de resposta)**



**-Carta enviada ao Valedor do Pobo (pendente de recibir resposta)**



- Carta recibida como resposta dende a Alcaldía de Cedeira.

Bo día chic@s,

É un pracer para min como Alcalde recibir esta iniciativa por parte do alumnado do IES PUNTA CANDIEIRA, e concretamente da clase PRIMEIRO B.

O proxecto "**Apuntámonos a non beber**" é un proxecto moi importante de cara a toda a veciñanza de un proxecto no cal se reflexa a preocupación existente para todos nos co asunto das posibilidades que caso ofrece a nosa vila para venta sin control de bebidas

alcohólicas aos menores de idade e as consecuencias que pode traer o seu consumo.

En nome do goberno municipal gustaríame convidarvos a ter unha xuntanza no propio concello con vos para que falemos e interactuemos sobre este asunto, analizando cada unha das vosas preocupacións porque tamén son as nosas preocupacións e así entre todos sexamos capaces de facer un plan estratéxico que nos sirva de ferramenta para intentar solucionar este problema nun futuro o máis cercano posible.

Esta reunión podería ser o venres día 1 de xuño no horario que mellor se vos adapte a ovoso horario e aquí no salón de plenos.

Esperando a confirmación desa xuntanza interactiva entre todos decirvos que nos sentimos dende o moi orgullosos de cada un de vos por participar neste programa e por vostrar o voso compromiso e solidariedade con todos os pequenos da nosa Vila.

Recibide un cordial saúdo do voso veciño.

Pablo Diego Moreda Gil

**SESIÓN 10: CHARLA INFORMATIVA DA POLICÍA LOCAL DE CEDEIRA. CONDUCCIÓN E ALCOL: ENEMIGOS INTIMOS (22-05-18)**

Os alumnos reciben unha charla informativa da man da Policía Local de Cedeira sobre os perigos que conleva conducir baixo os efectos do alcol, así como as sancións legais que pode ocasionar este tipo de condutas. Ademais o alumnado ten a posibilidade de comprobar como funciona un alcolímetro e coñecer a través de fotos e videos, traxedias viais ocorridas na contorna de Cedeira por conducir baixo os efectos do alcol.

-Imaxes da charla no IES da man da Policía Local.





**SESIÓN 11ª: TRABALLANDO A PUBLICIDADE COAS NOVAS TECNOLOXÍAS. (21 e 23 -5-18)**

Nun traballo interdisciplinar entre a materia de Programación e Titoría, o alumnado que cursa esta materia relacionada cas TICS ten a posibilidade de empregar a ferramenta dixital Scratch para crear anuncios de contrapublicidade. A continuación amosamos algún dos traballos rematados.

**Héctor Garrote Ramos**

**TÍTULO: Alcohol. Candieira**


**LINK: <https://scratch.mit.edu/projects/214192234/>**



**Diego Fonticoba Barro**

**TÍTULO: alcol candieira**

**LINK: <https://scratch.mit.edu/projects/214194929/#player>**



SESIÓN 12ª e 13ª: CONTRA O ALCOL, CREAMOS CONTRANUNCIOS. (Do 14 ao 24 -05-18)

A) Dedicamos a novena sesión do Proxecto a traballar cos alumnos o tema da **Contrapublicidade**: que é, como se constrúe, para que se emprega, que mecanismos emprega etc. Para apoiar a nosa explicación teórica empregamos os seguintes recursos educativos online:

-Anuncio sobre contrapublicidade: <https://www.youtube.com/watch?v=wCKubbb4HLg>



-Información teórica sobre a Contrapublicidade:

<https://nocaigasenlatrampa.wordpress.com/2015/01/03/la-contrapublicidad/>

-Exemplos de anuncios de Contrapublicidade:

<http://blocs.xtec.cat/entretextos/2010/10/20/la-contrapublicidad/>

- B) **Proposta de actividade creativa**: en colaboración cas profesoras das materias de Programación e de Educación plástica e Visual, os alumnos crearán de xeito individual unha campaña de contrapublicidade relacionada co alcol. Para facelo empregarán o recurso dixital Scrach ou técnicas plásticas. Na seguinte ligazón poden consultarse os traballos realizados polo alumnado.

No Anexo III pódense ver fotos dos traballos realizados na creación de campañas de Contrapublicidade.

**SESIÓN 14ª: RECAPITULAMOS, ANALIZAMOS E VALORAMOS. (31-05-18 e 4-6-18)**

- A) Os alumnos **expoñen os anuncios de contrapublicidade** realizados, comentando os aspectos que quixeron destacar e a forma na que o conseguiron. Debátese sobre a utilidade da contapublicidade na prevención do consumo do alcol.
- B) **Avaliación final**: Ca colaboración da profesora de Tecnoloxía Purificación Trinquete elabórase un cuestionario online para avaliar o proceso de aprendizaxe do plan proxecta na aula de 1º ESO B.
- C) **Debate final** para analizar o traballo realizado durante o proxecto, dificultades, puntos positivos, aprendizaxes alcanzadas, propostas de mellora e avaliación final.

**SESIÓN 15ª: FACEMOS VALER OS NÓSOS DEREITOS. VISITAMOS A ALCALDÍA DE CEDEIRA. (4-6-18)**

Despois de enviar un correo ao Concello de Cedeira reclamando os nosos dereitos en canto a publicidade de alcol e menores, dende a Alcaldía faise unha invitación oficial para visitar o Concello e poder falar alí co Alcalde e outros Concelleiros sobre o proxecto, as súas inquiredanzas e as propostas de mellora que se lles ocorren facer á Alcaldía.

Durante a visita teñen a oportunidade de debater con 4 membros do Goberno Municipal (Alcalde e Concelleiros) os coñecementos adquiridos, as necesidades atopadas na nosa contorna e propostas de mellora para tomar en conta dende a Alcaldía. O encontro resulta moi satisfactorio pois o alumnado, ademais de coñecer in situ o funcionamento dun órgano de goberno como é a Alcaldía, teñen a ocasión de expor publicamente os coñecementos adquiridos a través deste proxecto, ó tempo que reivindicán os seus dereitos no tocante ó consumo e venda de alcol.

Dende Alcaldía convídase a facer pública dende a web da Alcaldía a Memoria Final deste Proxecto, como forma de visibilizar o traballo acadado e, ó mesmo tempo, informar ó resto da cidadanía, especialmente a outros adolescentes da vila. ([Pendente de achegar on enlaces a estas publicacións por non estar feitos públicos no momento de entregar esta memoria; poderáanse consultar na web do Concello e do IES e as respectivas redes sociais](#))



MEMORIA FINAL PLAN PROXECTA : APUNTÁMONOS A NON BEBER

1º ESO B - IES PUNTA CANDIEIRA, CEDEIRA, A CORUÑA CURSO 2017-2018






5.- AVALIACIÓN DO PROXECTO DESENVOLVIDO.

**5.1. Avaliación do alumnado.**

Achegamos aquí os resultados da enquisa que tiveron que cubrir os alumnos.


En términos xerais, ¿qué valoración lle darías ao Proxecto Apuntámonos a non beber?

17 responses




¿Como valorarías os coñecementos adquiridos co desenvolvemento deste Plan-Proxecta?

17 responses




Valora os materiais empregados (en papel e dixital)



¿Como valorarías o número de sesións adicadas a este proxecto?

17 responses



¿Gustariache ter feito alguna outra actividade relacionada con este tema?

¿Cal?

17 responses

- no (¿)
- Un pouco para evitar consumo de alcohol
- Non
- si
- Xa fixemos moitas cousas sobre o alcohol
- si facer carteleiras publicitarias para unha campaña sobre o proxecto apuntámonos a non beber
- si algunha cousa máis
- si sobre o tabaco e todo relacionado con iso
- si pero non sei cal
- Foron suficientes
- si
- si
- Non, creo que caas que fixemos chegan
- Xa fixemos moitas cousas sobre este tema
- Non xa fixemos demasiadas actividades
- Non porque xa fixemos moitas

## 5.2. Avaliación do profesorado participante e propostas de mellora.

En termos xerais e á vista dos resultados amosados polo alumnado na enquisa final, podemos dicir que o desenvolvemento do Proxecto resultou de sumo interese para os rapaces tanto polo tema tratado como o enfoque multidisciplinar, crítico-reflexivo e creativo que se lle deu. As actividades que máis interese suscitaron no grupo foron aquelas relacionadas ca Publicidade e o incumprimento da Normativa vixente, os recursos tecnolóxicos para a creación de Publicidade e a posibilidade de reivindicar os dereitos como consumidores ante Organismos oficiais.

Pola súa contra as actividades de menor interese foron todas aquelas de tipo teórico como as charlas divulgativas, as exposicións relacionadas ca saúde e o consumo de alcol ou a parte legislativa. Pode deberse isto a idade do alumnado, 12 anos, que todavía non é moi consciente de todas estas cuestións teóricas.

En resumo, destacaremos unha serie de conclusións:

-Resulta necesario e urxente **traballar co alumnado na prevención do consumo de alcol** dende idades moi temperás.

-E necesario **concienciar á cidadanía** sobre a necesidade de cumprir ca normativa vixente no tocante á venda e publicidade de alcol dirixida a menores.

-Cómpre **fomentar** no noso alumnado **o espírito crítico e reflexivo** en tódolos aspectos da súa vida persoal, especialmente nos relacionados ca súa saúde e vida social.

-Sería axeitado **seguir traballando neste tipo de proxectos multidisciplinares** que aborden problemáticas urxentes para a nosa mocidade como son o consumo de alcohol, tabaco e drogas.

-O **traballo en equipo, multidisciplinar, integrado, reflexivo e creativo** han de ser os pilares de calquer proxecto desenvolvido dende as escolas, ca vista posta en educar a un alumnado que se terá que enfrentar a retos para a súa saúde como son o consumo de alcohol dende idades temperás.

Ademais engadimos unha serie de propostas de mellora para achegarmos á Consellería de Educación trala posta en práctica do noso Proxecto.

-Podería ser moi interesante **seguir traballando neste proxecto en vindeiros cursos** aínda que con outros enfoques: da saúde, do consumo, das alternativas de ocio ao botellón, etc. Quizáís podería dedicarse menos tempo cada curso escolar, pero traballalo en tódolos niveis da ESO, dándolle así unha cobertura máis ampla.

-Facilitar recursos por parte da Consellería como poden ser as **charlas impartidas por especialistas** na materia: pediatras, psicólogos, Educadores Sociais, Xente de Organización de Axuda ao Alcolismo, etc


-Deseñar **novos Proxectos** similares ao desenvolvido que inclúan temáticas de interese para o alumnado de calqueira etapa educativa como pode ser a **piratería dixital, o uso do móbil e as redes sociais na adolescencia, a cooperación, a doazón de órganos e sangue, etc**



# ANEXOS


# MATERIAIS CREADOS

## ANEXO I: NUBES DE IDEAS



MEMORIA FINAL PLAN PROXECTA : APUNTÁMONOS A NON BEBER


1º ESO B - IES PUNTA CANDIEIRA, CEDEIRA, A CORUÑA CURSO 2017-2018



## ANEXO II: TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN SOBRE PUBLICIDADE E ESTEREOTIPOS.

**ANUNCIO:1**

Este é un anuncio de cervexa Shaker a cal utiliza persoas espidas para atraer o consumidor, polo que é ilegal. Chamoume moito a atención non supuxen que o alcohol puidera chegar tan lonxe.




**ANUNCIO:2**

Este anuncio é de Heineken, unha marca moi coñecida xa que é un dos patrocinios da UEFA CHAMPIONS LEAGUE e é moi consumida. O que eu interpreto neste anuncio é que a popular marca quere transmitir que bebendo Heineken terás superpoderes.



**ANUNCIO:3**


Este é un acto publicitario de Tio Pepe. Este anuncio quere retransmitir que para mandar e ser valentes tes que consumilo.





**Anuncio:4**

Este é un anuncio de xenebra no cal ao aparecer un menor de idade é ilegal aínda que sexa debuxado.




**Imaxes de anuncios.**


Este anuncio é inadecuado porque está utilizando a imaxe dunha muller espida para vender.



**Este anuncio representa que si tu equipo de fútbol no gana una liga tú tienes que consumir esa marca, como ellos dicen, con una copa.**

**Es un anuncio de Magno.**





.Este anuncio representa que beber esta marca de cerveza te va a hacer mucho más feliz de lo que tú eras ahora mismo porque estás consumiendo su marca.

.Es un anuncio de Budweiser.

## ANUNCIOS ALCOHOL



Este anuncio es inadecuado por varias razones:

- 1.No se puede utilizar comprar 4 botellas por solo 9.50.
2. No está permitido utilizar a chicas en ropa interior en un anuncio.



Este anuncio es inadecuado por que utiliza a niños menores de edad en un anuncio de cervezas.

## Imaxes de anuncios.




Este anuncio e inadecuado por que relaciona o feito de ligar co alcohol

## Imaxes de anuncios.

Este anuncio é inadecuado porque relaciona o alcol co acto sexual.



Este es otro ejemplo de lo mismo...



.Este anuncio da a entender que no se puede disfrutar de la vida si no es con el alcohol, lo cual no es verdad.







.Este anuncio no me parece normal porque la imagen del fondo esta relacionada con el surf intentando decir "todos los momentos de tu vida tanto mejores como peores tienes que tomarlos con alcohol" perjudicando tus momentos y tus neuronas poco a poco

QWkVBKkPYtv/giphy.gif



.Este anuncio muestra intención de decirle a la gente que se va sentir más feliz cuando bebe y cada celebración sea acompañada con alcohol



## ANEXO III: TRABALLOS DE CONTRAPUBLICIDADE



MEMORIA FINAL PLAN PROXECTA : APUNTÁMONOS A NON BEBER

1º ESO B - IES PUNTA CANDIEIRA, CEDEIRA, A CORUÑA CURSO 2017-2018



MEMORIA FINAL PLAN PROXECTA : APUNTÁMONOS A NON BEBER

1º ESO B - IES PUNTA CANDIEIRA, CEDEIRA, A CORUÑA CURSO 2017-2018







MEMORIA FINAL PLAN PROXECTA : APUNTÁMONOS A NON BEBER

1º ESO B - IES PUNTA CANDIEIRA, CEDEIRA, A CORUÑA CURSO 2017-2018




MEMORIA FINAL PLAN PROXECTA : APUNTÁMONOS A NON BEBER

1º ESO B - IES PUNTA CANDIEIRA, CEDEIRA, A CORUÑA CURSO 2017-2018




MEMORIA FINAL PLAN PROXECTA : APUNTÁMONOS A NON BEBER

1º ESO B - IES PUNTA CANDIEIRA, CEDEIRA, A CORUÑA CURSO 2017-2018













CEDEIRA, 5 DE XUÑO DE 2018